



Harry Potter no Courel

Amancio Amigo e o meigo de Salamanca · Xosé Miranda · Xerais, 2006 · 122 páx. · 10 euros


Esta é a historia dun neno pobre do Courel, Amancio, que decide mudar o seu futuro máis seguro (traballar as leiras herdadas do pai), indo estudar á universidade de Salamanca. Alí coñece a Zé Escolarão, un mozo portugués que soña con ser bruxo. A acción comeza realmente cando eles dous, logo dunha festa, van coñecer o meigo Inmanuele Noctilucus para adentrarse nas artes escuras (aínda que Amancio tivese as súas dúbidas). O meigo dilles que pasen e convídaos a tomar o seu viño dos sábados... e dende aquela noite, Amancio non sabe máis do seu amigo Zé.

Coincide a desaparición do compañeiro coa chegada dun novo profesor substituto de informática, Faustino Prósper, que lle soaba extrañamente coñecido. Un día durante a súa clase, a pantalla do ordenador escurece, e aparécenlle escritas unha serie de preguntas ás que Amancio responde afirmativamente. Entre elas, a de que se quería facerse rico, tiña que estudar no colexio de maxia que se atopaba nas covas de Salamanca. E aí comezan as peripecias de Amancio (e de seu pai) na escola de meigos, entre robots vixiantes, mans negras e peludas que apertan gorkas e vinganzas contra os profesores.

A pegada de Harry Potter está a influír nos libros fantásticos dos últimos anos, na abundancia da temática do mundo meigo e das escolas de maxia. Aínda que o libro se basee nestas ideas, dálles un toque novo, ou polo menos diferente e fresco, no que inclúe certas características galegas como as referencias ao meigallo, ao caciquismo (“coma sempre carretando xente os días das votacións”), ou á morriña (“que aquel ceo non era como o do Courel”). Tamén o diferencia da saga de Harry Potter o feito de

que o colexio non sexa un lugar agradábel, senón máis ben un espazo represivo onde os estudantes deben traballar excesivamente sen relacionárense entre eles e dedicados á maxia escura. É unha historia idónea para rapaces de entre 6 e 14 anos, limitada polos personaxes planos que non evolucionan ó longo da historia, e onde non se afonda na descrición dos caracteres, nin psicolóxica nin fisicamente.

En xeral, hai moitas referencias típicas aos canons do xénero, como esa escena da espada na pedra, ou o momento da



persecución en que o perverso profesor e Amancio van transformándose en diferentes animais e cousas, ata que o neno muda nun anel que cae de súpeto no colo da súa amada Susana.

Xosé Miranda ten pensado comezar unha saga a partir deste libro; mala idea non sería, aínda que non parece haber material abondo como para escribir máis de dúas ou tres entregas con este fío. En resumo, é unha historia que encaixa ben no modelo clásico: neno ou nena, de familia ou circunstancias problemáticas, evádese da realidade inventando un mundo paralelo de fantasía. De feito, non poucas veces quedan dúbidas de se o protagonista está a falar da súa vida real ou da imaxinaria. Pero dalgunha maneira a realidade soñada sempre é a mellor.

// **Amaya Montes**